

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.

Informe de auditoría cuentas anuales 2016

15 de abril de 2017



INFORME DE AUDITORÍA INDEPENDIENTE DE CUENTAS ANUALES ABREVIADAS

Al socio único de Información y Comunicación Local, S.A. (en adelante INCOLSA):

Informe sobre las cuentas anuales abreviadas

Hemos auditado las cuentas anuales abreviadas adjuntas de Incolsa, que comprenden el balance de situación abreviado a 31 de diciembre de 2016, la cuenta de pérdidas y ganancias abreviado, el estado de cambios en el patrimonio neto abreviado y la memoria abreviada correspondientes al ejercicio terminado en dicha fecha.

Responsabilidad de los administradores en relación con las cuentas anuales abreviadas

Los administradores son los responsables de formular las cuentas anuales abreviadas adjuntas, de forma que expresen la imagen fiel del patrimonio, de la situación financiera y de los resultados de INCOLSA, de conformidad con el marco normativo de información financiera aplicable a la entidad en España, que se identifica en la Nota 2 de la memoria adjunta, y del control interno que consideren necesario para permitir la preparación de cuentas anuales abreviadas libres de incorrección material, debida a fraude o error.

Responsabilidad del auditor

Nuestra responsabilidad es expresar una opinión sobre las cuentas anuales abreviadas adjuntas basada en nuestra auditoría. Hemos llevado a cabo nuestra auditoría de conformidad con la normativa reguladora de la auditoría de cuentas vigente en España. Dicha normativa exige que cumplamos los requerimientos de ética, así como que planifiquemos y ejecutemos la auditoría con el fin de obtener una seguridad razonable de que las cuentas anuales abreviadas están libres de incorrecciones materiales.

Una auditoría requiere la aplicación de procedimientos para obtener evidencia de auditoría sobre los importes y la información revelada en las cuentas anuales abreviadas. Los procedimientos seleccionados dependen del juicio del auditor, incluida la valoración de los riesgos de incorrección material en las cuentas anuales abreviadas, debida a fraude o error. Al efectuar dichas valoraciones del riesgo, el auditor tiene en cuenta el control interno relevante para la formulación por parte de la entidad de las cuentas anuales abreviadas, con el fin de diseñar los procedimientos de auditoría que sean adecuados en función de las circunstancias, y no con la finalidad de expresar una opinión sobre la eficacia del control interno de la entidad. Una auditoría también incluye la evaluación de la adecuación de las políticas contables aplicadas y de la razonabilidad de las estimaciones contables realizadas por la dirección, así como la evaluación de la presentación de las cuentas anuales abreviadas tomadas en su conjunto.

Consideramos que la evidencia de auditoría que hemos obtenido proporciona una base suficiente y adecuada para nuestra opinión de auditoría.

Opinión

En nuestra opinión, las cuentas anuales abreviadas adjuntas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera de INCOLSA a 31 de diciembre de 2016, así como de los resultados correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación y, en particular, con los principios contables contenidos en el mismo.

Párrafo de Énfasis

Sin que afecte a nuestra opinión, llamamos la atención sobre lo mencionado en las Notas 4.10 y 9.2 de la memoria adjunta, en las que se indica que con fecha 15 de junio de 2016 la Oficina de Gestión Tributaria de la Administración de la Agencia Tributaria de Santiago de Compostela, inició actuaciones de comprobación limitada en relación a las autoliquidaciones del Impuesto sobre el Valor Añadido correspondiente al año 2015. Con fecha 21 de noviembre de 2016 se recibió notificación de propuesta de resolución y trámite de alegaciones en la cual la Administración Tributaria denegaba la devolución solicitada en el ejercicio por importe de 238.031,99 euros y reclamaba un importe a ingresar de 181.610,41 euros. La Sociedad, por no estar conforme con la resolución, presentó alegaciones a la misma con fecha 7 de diciembre de 2016 y ha estimado, considerando el alcance de las posibles contingencias derivadas de las actuaciones fiscales citadas, una provisión para impuestos de 49.550,37 euros, que se encuentra registrada directamente contra el patrimonio neto por corresponder a ejercicios anteriores de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación.


Párrafo de Otras Cuestiones

Con fecha 6 de abril de 2016 otro auditor emitió informe de auditoría sin salvedades sobre las cuentas anuales abreviadas del ejercicio 2015. El marco de información financiera aplicable no requiere que esta cuestión se presente y revele en las cuentas anuales adjuntas. Esta cuestión no modifica nuestra opinión.

GARCÍA MIERES AUDITORES, S.L.
Inscrita en el R.O.A.C. Nº 52174



Julio García Mieres
15 de abril de 2017



GMIERES
auditores



INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.

Contas Anuais abreviadas a 31 de decembro de 2016

Contido

ÍNDICE

BALANCE ABREVIADO3

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS ABREVIADA.....4

ESTADO ABREVIADO DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS5

ESTADO ABREVIADO TOTAL DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO6

MEMORIA ABREVIADA DO EXERCICIO ANUAL FINALIZADO O 31 DE DECEMBRO DE 2016...7

NOTA 1. ACTIVIDADE DA EMPRESA.....7

NOTA 2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS.....8

 2.1 IMAXE FIEL:.....8

 2.2 PRINCIPIOS CONTABLES NON OBRIGATORIOS APLICADOS:.....8

 2.3 ASPECTOS CRÍTICOS DA VALORACIÓN E ESTIMACIÓN DA INCERTEZA:.....9

 2.4 COMPARACIÓN DA INFORMACIÓN:9

 2.5 ELEMENTOS RECOLLIDOS EN VARIAS PARTIDAS:9

 2.6 CAMBIOS EN CRITERIOS CONTABLES:.....9

 2.7 CORRECCIÓN DE ERROS:9

 2.8 IMPORTANCIA RELATIVA:.....9

NOTA 3. APLICACIÓN DE RESULTADOS.....9

NOTA 4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN.....10

 4.1 INMOBILIZADO INTANXIBLE:.....10

 4.2 INMOBILIZADO MATERIAL:11

 4.3 TERREOS E CONSTRUCCIÓN:.....12

 4.4 PERMUTAS:12

 4.5 ACTIVOS FINANCEIROS E PASIVOS FINANCEIROS:12

 4.5.1.- Inversións financeiras a longo e curto prazo.....13

 4.5.2.- Pasivos financeiros14

 4.6 EXISTENCIAS:.....15

 4.7 TRANSACCÍONS EN MOEDA ESTRANXEIRA:15

 4.8 IMPOSTO SOBRE BENEFICIOS:.....16

 4.9 INGRESOS E GASTOS:16

 4.10 PROVISIÓN E CONTINXENCIAS:17

 4.11 CRITERIOS EMPREGADOS PARA O REXISTRO E VALORACIÓN DOS GASTOS DE PERSOAL:18

 4.12 SUBVENCIÓN, DOAZÓN E LEGADOS:.....18

 4.13 COMBINACIÓN DE NEGOCIOS:19

 4.14 NEGOCIOS CONXUNTOS:.....19

 4.15 CRITERIOS EMPREGADOS EN TRANSACCÍONS ENTRE PARTES VINCULADAS:.....19

NOTA 5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVERSIONES INMOBILIARIAS.....19

NOTA 6. ACTIVOS FINANCEIROS:.....20



NOTA 7. PASIVOS FINANCEIROS.21

NOTA 8. FONDOS PROPIOS.21

NOTA 9. SITUACIÓN FISCAL:22

 9.1 IMPOSTOS SOBRE BENEFICIOS:22

 9.2 IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:23

NOTA 10. SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS.....24

 10.1 Subvencións de explotación:.....24

 10.2 Subvencións de capital:.....31

NOTA 11. OPERACÍONS CON PARTES VINCULADAS.31

NOTA 12. OUTRA INFORMACIÓN.....33

NOTA 13. INFORMACIÓN SOBRE MEDIO AMBIENTE.....33

PROPOSTA DE APLICACIÓN DO RESULTADO.....34

DILIXENCIA DE FORMULACIÓN DAS CONTAS ANUAIS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO

2016, ASÍ COMO DA PROPOSTA DE APLICACIÓN DO RESULTADO.....35



BALANCE ABREVIADO

PECHADO A 31 DE DECEMBRO DE 2016

INFORMACION E COMUNICACION LOCAL, S.A.

ACTIVO	Notas da Memoria	2016	2015
A) ACTIVO NON CORRENTE		65.980,45	70.359,28
I. Inmobilizado intanxible	4.1-5	9.124,88	9.922,12
II. Inmobilizado material	4.2-5	48.348,30	52.029,57
V. Inversións financeiras a longo prazo	6	8.388,44	8.388,44
VI. Activos por imposto diferido	9.1	118,83	19,15
B) ACTIVO CORRENTE		1.669.902,31	1.785.685,14
II. Existencias	4.6	24.255,74	10.989,32
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar		887.642,82	523.564,04
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		53.377,30	54.781,56
b) Clientes por vendas e prestacións de servizos a curto prazo		53.377,30	54.781,56
3. Outros debedores		834.265,52	468.782,48
V. Inversións financeiras a curto prazo	4.10	33.810,40	0,00
VI. Periodificacións a curto prazo		43.021,83	27.929,71
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		681.171,52	1.223.202,07
TOTAL ACTIVO (A+B)		1.735.882,76	1.856.044,42

PATRIMONIO NETO E PASIVO	Notas da Memoria	2016	2015
A) PATRIMONIO NETO		367.031,51	404.903,17
A-1) Fondos propios		365.130,32	404.903,17
I. Capital	8	60.101,21	60.101,21
1. Capital escriturado		60.101,21	60.101,21
III. Reservas	8	295.251,59	319.809,70
2. Outras reservas		295.251,59	319.809,70
VII. Resultado do exercicio	3	9.777,52	24.992,26
A-3) Subvencións, donacións e legados recibidos	10	1.901,19	0,00
B) PASIVO NON CORRENTE		19,20	0,00
IV. Pasivos por imposto diferido	9.1	19,20	0,00
C) PASIVO CORRIENTE		1.368.832,05	1.451.141,25
II. Provisións a curto prazo	4.1 - 9.2	49.550,37	7.660,06
III. Débedas a curto prazo	7	19,83	25.000,00
1. Débedas con entidades de crédito		19,83	0,00
3. Outras débedas a curto prazo		0,00	25.000,00
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	7	1.319.261,85	1.418.481,19
1. Provedores		0,00	741,46
b) Provedores a curto prazo		0,00	741,46
2. Outros acredores		1.319.261,85	1.417.739,73
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)		1.735.882,76	1.856.044,42


GMIERES
auditores
R.O.A.C. 52174 | NIF: B70348958

SANTIAGO DE
COMPOSTELA

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS ABREVIADA
 CORRESPONDENTE AO EXERCICIO FINALIZADO O 31 DE DECEMBRO DE 2016
 INFORMACION E COMUNICACION LOCAL, S.A.


(DEBE) / HABER	Notas da Memoria	2016	2015
1. Importe neto da cifra de negocios		270.111,19	263.293,49
2. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación	4.6	21.496,27	21.606,01
4. Aproveisionamentos		(16.541,11)	(74.039,56)
5. Outros ingresos de explotación	10	2.889.462,24	2.653.429,35
6. Gastos de persoal		(776.803,24)	(812.196,36)
7. Outros gastos de explotación		(2.369.819,20)	(2.017.476,83)
8. Amortización do inmovilizado	5	(8.825,13)	(9.281,88)
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras	10	239,54	0,00
13. Outros resultados		312,51	(952,10)
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)		9.633,07	24.382,12
14. Ingresos financeiros		195,93	1.181,10
15. Gastos financeiros		(21,30)	(396,56)
17. Diferenzas de cambio	4.7	(129,86)	(108,68)
B) RESULTADO FINANCEIRO (14+15+16+17+18+19)		44,77	675,86
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)		9.677,84	25.057,98
20. Impostos sobre beneficios	9.1	99,68	(65,72)
D) RESULTADO DO EXERCICIO (C+20)		9.777,52	24.992,26



GMIERES
 auditores
 R.O.A.C. S2174 | NIF: B70348958


 SANTIAGO DE
 COMPOSTELA

ESTADO ABREVIADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO
CORRESPONDENTE AO EXERCICIO FINALIZADO O 31 DE DECEMBRO DE 2016
INFORMACION E COMUNICACION LOCAL, S.A.


A) Estado Abreviado de Ingresos e Gastos Reconocidos	Notas da Memoria	2016	2015
A) RESULTADO DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	3	9.777,52	24.992,26
INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE AO PATRIMONIO NETO			
I. Por valoración de instrumentos financeiros		0,00	0,00
II. Por coberturas de fluxos de efectivo		0,00	0,00
III. Subvencións, doazóns e legados recibidos	10	2.159,93	0,00
IV. Por ganancias e perdas actuariais e outros axustes		0,00	0,00
V. Por activos non correntes e pasivos vinculados, mantidos para venda		0,00	0,00
VI. Diferenzas de conversión		0,00	0,00
VII. Efecto impositivo		(21,60)	0,00
B) TOTAL INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (I+II+...+VII)		2.138,33	0,00
TRANSFERENCIAS Á CONTA DE PERDAS E GANANCIAS			
VIII. Por valoración de instrumentos financeiros		0,00	0,00
IX. Por coberturas de fluxos de efectivo		0,00	0,00
X. Subvencións, doazóns e legados recibidos	10	(239,54)	0,00
XI. Por activos non correntes e pasivos vinculados, mantidos para venda		0,00	0,00
XII. Diferenzas de conversión		0,00	0,00
XIII. Efecto impositivo	9	2,40	0,00
C) TOTAL TRANSFERENCIAS Á CONTA DE PERDAS E GANANCIAS (VIII+IX+...+XIII)		(237,14)	0,00
TOTAL DE INGRESOS E GASTOS RECONOCIDOS (A+B+C)		11.678,71	24.992,26

 **GMIERES**
auditores
R.O.A.C. S2174 | NIF: B70348958


SANTIAGO DE
COMPOSTELA

ESTADO ABREVIADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO
CORRESPONDENTE AO EXERCICIO FINALIZADO O 31 DE DECEMBRO DE 2016
INFORMACION E COMUNICACION LOCAL, S.A.

B) Estado abreviado total de cambios no patrimonio neto	Capital escriturado	Reservas	Resultado do exercicio	Subvencións, doazóns e legados recibidos	TOTAL
A. SALDO, FINAL DO EXERCICIO 2014	60.101,21	293.861,13	25.948,57	0,00	379.910,91
I. Axustes por cambios de criterio 2014 e anteriores	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
II. Axustes por erros 2014 e anteriores	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
B. SALDO AJUSTADO, INICIO DEL EJERCICIO 2015	60.101,21	293.861,13	25.948,57	0,00	379.910,91
I. Total ingresos e gastos reconocidos	0,00	0,00	24.992,26	0,00	24.992,26
II. Operacións con socios ou propietarios	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
1. Aumentos de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
2. (-) Reducións de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
3. Outras operacións con socios ou propietarios	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
III. Outras variacións do patrimonio neto	0,00	25.948,57	(25.948,57)	0,00	0,00
1. Movemento da reserva de revalorización	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
2. Outras variacións	0,00	25.948,57	(25.948,57)	0,00	0,00
C. SALDO, FINAL DO EXERCICIO 2015	60.101,21	319.809,70	24.992,26	0,00	404.903,17
I. Axustes por cambios de criterio 2015	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
II. Axustes por erros 2015	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
D. SALDO AJUSTADO, INICIO DO EXERCICIO 2016	60.101,21	319.809,70	24.992,26	0,00	404.903,17
I. Total ingresos e gastos reconocidos	0,00	0,00	9.777,52	1.901,19	11.678,71
II. Operacións con socios ou propietarios	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
1. Aumentos de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
2. (-) Reducións de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
3. Outras operacións con socios ou propietarios	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
III. Outras variacións do patrimonio neto	0,00	(24.558,11)	(24.992,26)	0,00	(47.649,18)
1. Movemento da reserva de revalorización	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
2. Outras variacións	0,00	(24.558,11)	(24.992,26)	0,00	(47.649,18)
E. SALDO, FINAL DO EXERCICIO 2016	60.101,21	295.251,59	9.777,52	1.901,19	367.031,51

 **GMIERES**
auditores
R.O.A.C. S2174 | NIF: B70348958


**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.**MEMORIA ABREVIADA DO EXERCICIO ANUAL FINALIZADO O 31 DE DECEMBRO DE 2016****NOTA 1. ACTIVIDADE DA EMPRESA.**

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL S.A., (en adiante a Sociedade ou INCOLSA) constituíuse por tempo indefinido mediante escritura pública outorgada en data 20 de xaneiro de 1999, sendo inscrita inicialmente no Rexistro Mercantil da Coruña no tomo 2.180, folio 201, folia C-21.392, inscrición 1ª, con C.I.F. ES A-15683477.

Actualmente a Sociedade encóntrase inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela, no tomo 2180, folia SC-21392, inscrición 1ª.

O seu domicilio social está situado na Praza do Obradoiro s/n, Pazo de Raxoi, municipio de Santiago de Compostela e provincia da Coruña.

Tralo acordo de modificación dos Estatutos Sociais, adoptado en Xunta Xeral da Sociedade de data 27 de xuño de 2013, o obxecto social de INCOLSA comprende:

- a) A comunicación impresa mediante revistas, folletos, carteis e calquera outro medio que se estime necesario.
- b) A produción, reprodución e difusión de imaxes e sons, a través dos sistemas que se consideren oportunos.
- c) O fomento e promoción da actividade turística xeral no ámbito municipal en colaboración e cooperación coas restantes Administracións públicas e especialmente cos restantes Concellos da comarca de Santiago de Compostela.
- d) O estudo, xestión e execución de plans de dinamización e excelencia turística e programas de actuación concertados con Administracións e outras institucións e entidades públicas e privadas de índole turística ou de comunicación e información.
- e) O desenvolvemento e xestión de campañas de información, comunicación e promoción turística e cidadá.
- f) A explotación comercial de publicacións, folletos, imaxe corporativa, símbolos e anagramas, titularidade do Concello de Santiago, así como aqueles outros que se poidan elaborar ou producir pola propia Sociedade.
- g) A xestión das oficinas de información turística e cidadá e a produción de cantos outros servizos turísticos se consideren necesarios para o desenvolvemento do sector no municipio.
- h) Cantas actividades ou funcións sexan anexas ou complementarias das anteriores e, en xeral, todas aquelas encamiñadas á promoción da cidade de Santiago e dos seus habitantes.
- i) Crear e desenvolver redes relacionadas coa xestión, investigación e innovación do impacto turístico nos novos desenvolvementos urbanos e nos xa existentes co obxecto de garantir un equilibrio sostible entre a poboación residente e a actividade propiamente turística no ámbito do Concello de Santiago.
- j) Cooperar, asesorar e establecer relacións con institucións locais, rexións, nacionais e europeas, así como empresas, colectivos e outras asociacións de carácter nacional e internacional relacionadas coa xestión, investigación, innovación e creación.
- k) Axudar ao desenvolvemento sostenible e ao mantemento dos nosos recursos históricos, urbanos, naturais, medioambientales e culturais, con especial atención ao que poida

contribuír a mellorala calidade de vida e o benestar social dos cidadáns sexa cal for a súa idade e condición.

- l) Investigar e promover solucións aos problemas provocados pola evolución dos sistemas sociais, culturais e os desequilibrios xerados polos novos modos de vida.
- m) Xestión de todo tipo de bens de titularidade municipal que sexan precisos ou axeitados para o cumprimento do seu obxecto social.
- n) Desenvolvemento e xestión do turismo de congresos na cidade.

A actividade actual da empresa coincide co seu obxecto social.

A Sociedade está participada ao 100% polo Concello de Santiago, titular do C.I.F. P1507900G, con domicilio social na Praza do Obradoiro, Pazo de Raxoi, municipio de Santiago de Compostela, provincia da Coruña.

O desenvolvemento do obxecto social de INCOLSA constitúe unha forma de xestión directa dun servizo público de competencia local, de conformidade co establecido no art. 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, sendo medio propio e servizo técnico do Concello de Santiago, nos termos contemplados no art. 24.6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e demais normativa que a complementa, desenvolva ou substitúa.

A moeda funcional coa que opera a empresa é o euro.

NOTA 2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS.

2.1 IMAXE FIEL:

As Contas Anuais do exercicio 2016 adxuntas foron formuladas polo Consello de Administración a partir dos rexistros contables da Sociedade a 31 de decembro de 2016 e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1514/2017, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, e amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade.


O Consello de Administración presenta as Contas Anuais segundo o modo abreviado, de acordo coas condicións establecidas nos artigos 257 e 258 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital e a disposición final cuarta da Lei 22/2015, de 20 de xullo, de Auditoría de Contas.

Non existen razóns excepcionais polas que, para amosar a imaxe fiel, non se aplicaran disposicións legais en materia contable.

As Contas Anuais adxuntas someteranse á aprobación da Xunta Xeral de Accionistas, estimándose que serán aprobadas sen modificación algunha. Pola súa parte, as Contas Anuais do exercicio anterior, foron aprobadas pola Xunta Xeral de Accionistas, celebrada o 16 de xuño de 2016.

2.2 PRINCIPIOS CONTABLES NON OBRIGATORIOS APLICADOS:

Só se aplicaron os principios e criterios contables referidos no punto 2.1 anterior non existindo excepcións ou aplicación doutros principios e criterios.

**GMIERES**
auditores
R.O.A.C. S2174 | NIF: B70348958


SANTIAGO DE
COMPOSTELA

2.3 ASPECTOS CRÍTICOS DA VALORACIÓN E ESTIMACIÓN DA INCERTEZA:

A data de peche do exercicio non existen datos relevantes nin incertezas que poidan supoñer cambios significativos no valor dos activos e pasivos da empresa no exercicio seguinte, nin dúbidas sobre a posibilidade de que a empresa siga funcionando normalmente, a excepción dos que se puideran derivar como consecuencia da resolución dos litixios en curso mencionados nas notas 4.10 e 9.2 desta memoria.

O Balance de Situación a 31/12/2016 amosa un Fondo de Manobra positivo por importe de 301.070,26 euros, a 31/12/2015 o importe ascendía a 334.543,89 euros.

2.4 COMPARACIÓN DA INFORMACIÓN:

Nas Contas Anuais preséntanse a efectos comparativos, en cada unha das partidas do Balance, da Conta de Perdas e Ganancias e do Estado de Cambios no Patrimonio Neto, ademais das cifras do exercicio 2016, as correspondentes ao exercicio anterior. Así mesmo, a información contida nesta memoria referida ao exercicio 2016 preséntase, a efectos comparativos coa información do exercicio 2015.

A Sociedade está obrigada a auditar as Contas Anuais dos exercicios 2016 e 2015.

2.5 ELEMENTOS RECOLLIDOS EN VARIAS PARTIDAS:

A 31/12/2016 non existen elementos patrimoniais que afecten a varias partidas do balance, nin existen partidas de diferente concepto agrupadas nun mesmo saldo.

2.6 CAMBIOS EN CRITERIOS CONTABLES:

Durante os exercicios 2016 e 2015 non se produciron axustes por cambios en criterios contables.

2.7 CORRECCIÓN DE ERROS:

Non se produciron axustes por corrección de erros realizados nos dous últimos exercicios.

2.8 IMPORTANCIA RELATIVA:

Ao determinar a información a detallar na presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, a Sociedade, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tivo en conta a importancia relativa en relación coas Contas Anuais do exercicio 2016.

NOTA 3. APLICACIÓN DE RESULTADOS.

De acordo co previsto nos artigos 273 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital, formúlase a seguinte proposta de aplicación dos Resultados do exercicio 2016 á Xunta Xeral de Accionistas.

A proposta de distribución de resultados do Consello de Administración á Xunta Xeral de Accionistas é a de traspasar os beneficios obtidos no 2015 e 2016 a Reservas Voluntarias.

BASE DE REPARTO		2016	2015
SALDO DA CONTA PERDAS E GANANCIAS		9.777,52	24.992,26
TOTAL BASE DE REPARTO = TOTAL APLICACIÓN		9.777,52	24.992,26
APLICACIÓN A		2016	2015
RESERVAS VOLUNTARIAS		9.777,52	24.992,26
TOTAL APLICACIÓN = TOTAL BASE DE REPARTO		9.777,52	24.992,26

Nos exercicios 2016 e 2015 producíronse uns beneficios por importe de 9.777,52 euros e de 24.992,26 euros respectivamente.

NOTA 4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN.

Os criterios contables aplicados para o rexistro e valoración dos distintos elementos patrimoniais son os seguintes:

4.1 INMOBILIZADO INTANXIBLE:

O inmovilizado intanxible valórase inicialmente polo seu custo, xa sexa este o prezo de adquisición ou o custo de produción.

Despois do recoñecemento inicial, o inmovilizado intanxible valórase polo seu custo, menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións por deterioro rexistradas.

Todos os elementos do inmovilizado intanxible son activos de vida útil definida e, polo tanto, amortízanse sistematicamente en función da vida útil estimada dos mesmos e do seu valor residual. Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados en cada peche de exercicio e, se procede, axustados de forma prospectiva. Cando menos ao peche do exercicio, avalíase a existencia de indicios de deterioro, en cuxo caso se estiman os importes recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan.

Durante os exercicios 2016 e 2015 a Sociedade non realizou correccións valorativas por deterioro do inmovilizado intanxible.

A amortización para 2015 e 2016 dos elementos do inmovilizado intanxible calculouse de forma lineal durante a súa vida útil estimada, en función dos seguintes anos de vida útil:

	COEFICIENTES ANUAIS EN %	VIDA ÚTIL EN ANOS
MARCAS	10	10
APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	33 - 16,66	3,03 - 6

O inmovilizado intanxible valórase de acordo co establecido no Marco Conceptual da Contabilidade, de acordo coa NRV 5ª 1ª e corresponde a:

- Marcas: A Sociedade posúe dereitos de propiedade industrial que se valoran polo prezo de adquisición ou custo de produción. Contabilízanse neste concepto o valor en libros dos gastos de rexistro e formalización da propiedade industrial, sempre que se cumpran as condicións legais necesarias para a súa inscrición no correspondente rexistro e que polas súas condicións económicas deban inventariarse, e sen prexuízo dos importes que tamén

- puideran contabilizarse por razón de adquisición a terceiros dos dereitos correspondentes. Amortízanse atendendo á súa vida útil.
- Aplicacións informáticas: Valóranse inicialmente polo seu custo de adquisición e amortízanse en función da súa vida útil estimada, aplicando un criterio lineal.
 - Propiedade Intelectual: Para os elementos de propiedade intelectual, con carácter xeral, utilízanse os mesmos principios e criterios de valoración indicados para a propiedade industrial, utilizando para a súa contabilización unha partida específica. Estes elementos encóntranse totalmente amortizados.

4.2 INMOBILIZADO MATERIAL:

Valórase polo seu prezo de adquisición ou custo de produción que inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquera desconto ou rebaixa no prezo, todos os gastos adicionais e directamente relacionados que se produzan ata a súa posta en funcionamento. Para aqueles elementos de inmovilizado material que necesiten un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, inclúense no prezo de adquisición ou custo de produción os gastos financeiros que se devengaran antes da posta en condicións de funcionamento.

A Sociedade non ten compromiso de desmantelamento, retiro ou rehabilitación para os seus bens de activo. Por iso non se contabilizaron nos activos valores para a cobertura de tales obrigacións de futuro.

Rexístrase a perda por deterioro do valor dun elemento do inmovilizado material cando o seu valor neto contable supere ao seu importe recuperable, entendendo este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o seu valor de uso.

Os gastos de mantemento e reparacións realizados durante o exercicio con motivo das obras e traballos efectuados pola Sociedade, impútanse a resultados no exercicio, cargándose nas contas de gastos que correspondan, no exercicio que se producen. Os custos de ampliación ou mellora que dan lugar a un aumento da capacidade produtiva ou a un alongamento da vida útil dos bens, son incorporados ao activo como maior valor do mesmo.

As contas do inmovilizado material en curso, cárganse polo importe de ditos gastos, con abono á partida de ingresos que recolle os traballos realizados pola Sociedade para si mesma. A Sociedade non efectuou traballos para o inmovilizado material nos dous últimos exercicios.

A amortización para 2015 e 2016 dos elementos do inmovilizado material calcúlase, desde o momento en que están dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de forma lineal durante a súa vida útil, estimando un valor residual nulo, en función dos seguintes anos de vida útil:

	COEFICIENTES ANUAIS EN %	VIDA ÚTIL EN ANOS
OUTRAS INSTALACIÓNS	3,03	33
MOBILIARIO	20 - 10	5 - 10
EQUIPOS PROC. DE INFORMACIÓN	25 - 12,5 - 10	4 - 8 - 10
OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL	20 - 12,5 - 10 - 5	5 - 8,3 - 10 - 20

Os coeficientes aplicados son acordes coa normativa fiscal.



No ano 2015 aplicáronse por primeira vez os coeficientes establecidos na táboa do artigo 12 da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades, substituíndo as antigas táboas establecidas na Disposición Final única do Real Decreto 1777/2004, de 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre Sociedades. Segundo a Disposición Transitoria 13ª da Lei do Imposto sobre Sociedades, os elementos patrimoniais para os que, en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, se estivera aplicando un coeficiente de amortización distinto ao que lles correspondese por aplicación da táboa de amortización prevista no artigo 12.1 desta Lei, amortizaranse durante os períodos impositivos que resten ata completar a súa nova vida útil, de acordo coa referida táboa, sobre o valor neto fiscal do ben existente ao inicio do primeiro período impositivo que comece a partir do 1 de xaneiro de 2015.

Os arrendamentos clasifícanse como arrendamento financeiro sempre que das condicións dos mesmos se deduza que se transfiren ao arrendatario substancialmente os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Os demais arrendamentos clasifícanse como arrendamentos operativos.

A Sociedade avalía cando menos ao peche de cada exercicio se existen indicios de perdas por deterioro de valor do seu inmovilizado material, que reduzan o valor recuperable de ditos activos a un importe inferior ao do seu valor en libros. Se existe calquera indicio, estímase o valor recuperable do activo co obxecto de determinar o alcance da eventual perda por deterioro de valor.

No caso de que o importe recuperable estimado sexa inferior ao valor neto en libros do activo, rexístrase a correspondente perda por deterioro con cargo á conta de perdas e ganancias, reducindo o valor en libros do activo ao seu importe recuperable.

Unha vez recoñecida a corrección valorativa por deterioro ou a súa reversión, axústanse as amortizacións dos exercicios seguintes considerando o novo valor contable.

Non obstante o anterior, se das circunstancias específicas dos activos se pon de manifesto unha perda de carácter irreversible, esta recoñécese directamente en perdas procedentes do inmovilizado da conta de perdas e ganancias.

No exercicio 2016 e 2015 a Sociedade non rexistrou perdas por deterioro dos inmovilizados materiais.

4.3 TERREOS E CONSTRUCCIÓNS:

A 31 de decembro de 2016 non hai terreos e construcións cualificadas como inversións inmobiliarias.

4.4 PERMUTAS:

Non se produciron permutas durante os exercicios 2016 e 2015.

4.5 ACTIVOS FINANXEIROS E PASIVOS FINANXEIROS:

A Sociedade recoñeceu como instrumentos financeiros nos seus balances os activos ou pasivos que formen parte dun contrato ou negocio xurídico.

A Sociedade clasifica os seus activos e pasivos financeiros con vencemento inferior a 12 meses como correntes e os de vencemento superior a 12 meses como non correntes.

4.5.1.- Inversións financeiras a longo e curto prazo

Os activos financeiros que posúe a Sociedade correspóndense con “Préstamos e partidas a cobrar”.

-Préstamos e partidas a cobrar:

Os préstamos e partidas a cobrar comprenden activos financeiros orixinados na venda de bens ou na prestación de servizos por operacións de tráfico da Sociedade, ou os que tendo unha orixe non comercial, non son instrumentos de patrimonio nin derivados e cuxos cobros son de contía fixa ou determinable e non se negocian nun mercado activo.

Valoración inicial:

Os préstamos e partidas a cobrar rexístranse inicialmente polo seu valor razoable, que se corresponde co importe efectivamente entregado máis todos os custos de transacción que lles son directamente atribuíbles. Non obstante, a valoración dos créditos por operacións comerciais faise polo valor nominal - xa que teñen un vencemento non superior ao ano, non teñen ningún tipo de interese contractual e a falta de actualización dos fluxos de efectivo non é significativa, é dicir, non distorsiona a imaxe fiel - sen que tivese que ser necesario incorporar intereses, polo momento, no nominal dos mesmos.

Valoración posterior:

Cando menos ao peche do exercicio a Sociedade realiza un test de deterioro para os activos financeiros que non estean rexistrados a valor razoable. Considérase que existe evidencia obxectiva de deterioro se o valor recuperable do activo financeiro é inferior ao seu valor en libros. Cando se produce, o rexistro deste deterioro rexístrase na conta de perdas e ganancias.

Respecto ás correccións valorativas de debedores comerciais e outras contas a cobrar, o criterio utilizado pola Sociedade para calcular as correspondentes correccións valorativas, se as houbera, baséase en realizar unha análise da antigüidade dos saldos a cobrar aplicando un sistema individualizado. A Sociedade considera como créditos morosos, aqueles para os que transcorren como mínimo, seis meses desde o vencemento, sen que estes fosen cobrados e existen dúbidas da súa recuperación.

Así mesmo, practícanse correccións valorativas sobre aqueles créditos para os que aínda que no transcorra o prazo de seis meses desde a data de vencemento, existen outras evidencias obxectivas de que o seu valor se deteriorou como resultado de eventos posteriores ao seu recoñecemento inicial e que ocasionan unha redución ou retraso nos fluxos de efectivo estimados futuros.

A Sociedade ten fianzas constituídas a longo prazo que se rexistran inicialmente polo importe efectivamente satisfeito, máis todos os custos de transacción que lles son directamente atribuíbles, que non difiren significativamente do seu valor razoable.

Non se efectuaron correccións valorativas en ditas partidas.

Baixa de activos financeiros:

 **GMIERES**
auditores
R.O.A.C. S2174 | NIF: B70348958


SANTIAGO DE
COMPOSTELA

A empresa dará de baixa un activo financeiro, ou parte do mesmo, cando expiren ou se cedan os dereitos contractuais sobre os fluxos de efectivo do activo financeiro, sendo necesario que se transferiran de maneira substancial os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade.

Cando o activo financeiro se dea de baixa, a diferenza entre a contraprestación recibida neta dos custos de transacción atribuíbles, considerando calquera novo activo obtido menos calquera pasivo asumido, e o valor en libros do activo financeiro, máis calquera importe acumulado que se recoñecera directamente no patrimonio neto, determinará a ganancia ou a perda xurdida ao dar de baixa dito activo, e formará parte do resultado do exercicio no que esta se produce.

4.5.2.- Pasivos financeiros

Os pasivos financeiros que posúe a Sociedade correspóndense con “Débitos e partidas a pagar”.

- Débitos e partidas a pagar:

Son pasivos financeiros aqueles débitos e partidas a pagar que ten a Sociedade e que se orixinaron na compra de bens e servizos por operacións de tráfico da empresa, ou tamén aqueles que sen ter unha orixe comercial, non poden ser considerados como instrumentos financeiros derivados.

Valoración inicial:

Os débitos e partidas a pagar valóranse inicialmente ao custo, equivalente ao valor razoable da contraprestación recibida axustado polos custos de transacción directamente atribuíbles.

Os pasivos financeiros e os instrumentos de patrimonio clasifícanse conforme ao contido dos acordos contractuais pactados e tendo en conta o fondo económico.

Valoración posterior:

As débedas por *operacións non comerciais*, que son todas a curto prazo, figuran no balance polo seu valor nominal. As débedas por crédito disposto en pólizas de crédito de vencemento inferior ao ano recóllense polo valor razoable, equivalente ao valor recibido. As comisións financeiras a cargo da empresa rexístranse na conta de perdas e ganancias no momento do seu recoñecemento inicial, dado que o importe destas non é significativo para estas Contas Anuais.

As débedas por *operacións comerciais*, que son todas a curto prazo, figuran no balance polo seu valor nominal. Os acredores comerciais non devengan explicitamente intereses e rexístranse polo seu valor nominal.

A Sociedade non mantén pasivos financeiros mantidos para negociar nin pasivos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias.

Baixa de pasivos financeiros:

A empresa dará de baixa un pasivo financeiro cando a obrigaón se extinga.

A diferenza entre o valor en libros do pasivo financeiro ou da parte do mesmo que se dera de baixa e a contraprestación pagada incluídos os custos de transacción atribuíbles e na que se

recollerá así mesmo calquera activo cedido diferente do efectivo ou pasivo asumido, recoñecerase na conta de perdas e ganancias do exercicio no que teña lugar.

4.6 EXISTENCIAS:

Os bens comprendidos en existencias comerciais valóranse polo menor valor entre o prezo de adquisición ou custo de produción e o valor neto realizable. O prezo de adquisición comprende o consignado en factura, despois de deducir calquera desconto, rebaixa no prezo ou outras partidas similares así como os intereses incorporados ao nominal dos débitos, e engadíranse todos os gastos adicionais (transportes, fretes, seguros, etc.) e impostos indirectos non recuperables, que se produzan ata que os bens se encontren dispoñibles para a súa venda.

O método FIFO é o adoptado pola empresa por consideralo o máis adecuado para a súa xestión.

A valoración dos produtos obsoletos, defectuosos ou de lento movemento redúcese ao seu posible valor de realización. Cando o valor realizable das existencias é inferior ao seu prezo de adquisición ou ao seu custo de produción, efectúanse as oportunas correccións valorativas recoñecéndooas como un gasto na conta de perdas e ganancias.

Se deixan de existir as circunstancias que causaron a corrección de valor das existencias, o importe da corrección é obxecto de reversión recoñecéndoo como un ingreso na conta de perdas e ganancias.

O importe das dotacións e reversións por deterioro de existencias nos exercicios 2016 e 2015 foron os seguintes:

CONCEPTO	2016	2015
Perdas por deterioro de existencias (693)	9.795,05	21.496,27
Reversión do deterioro de existencias (793)	21.496,27	21.606,01

O saldo de existencias a 31 de decembro que reflicte o balance de situación adxunto, recolle o seu valor, corrixido no importe do deterioro estimado para cada un dos exercicios segundo se detalla a continuación:

CONCEPTO	2016	2015
Existencias	34.050,79	32.485,59
Deterioro de valor de existencias	-9.795,05	-21.496,27
	24.255,74	10.989,32

A Sociedade contou durante os exercicios 2016 e 2015 con cobertura de seguros polas existencias que mantén depositadas en almacén.

4.7 TRANSACCIÓN EN MOEDA ESTRANXEIRA:

As operacións realizadas en moeda estranxeira rexístranse na moeda funcional da Sociedade (euros) aos tipos de cambio vixentes no momento da transacción. Durante o exercicio, as diferenzas que se producen entre o tipo de cambio contabilizado e o que se encontra en vigor na data de cobro ou de pago rexístranse como resultados financeiros na conta de resultados, nas contas 668 Diferenzas Negativas de Cambio ou 768 Diferenzas Positivas de Cambio dependendo do seu signo. A Sociedade non cambiou no exercicio a moeda funcional que é o euro.



Os saldos a cobrar ou pagar con orixe en moeda estranxeira e non cancelados a 31 de decembro de cada ano, contabilízanse polo seu contravalor en euros, segundo a cotización no momento de realización da transacción, xa que aplicando o principio de importancia relativa, se estima que non é significativa a variación do valor contable por aplicación do tipo de cambio vixente, non alterándose a expresión da imaxe fiel.

4.8 IMPOSTO SOBRE BENEFICIOS:

O Imposto sobre Sociedades do exercicio, comprende o recoñecemento ou axuste dos activos e pasivos por imposto corrente e dos activos e pasivos por impostos diferidos que poden consistir en menores o maiores fluxos de efectivo polas liquidacións futuras do imposto, e como consecuencia do rexistro deles, o gasto ou ingreso polo imposto corrente e o gasto ou ingreso por imposto diferido.

Recoñécese o correspondente pasivo por impostos diferido para todas as diferenzas temporarias impositivas, salvo que a diferenza temporaria se derive do recoñecemento inicial dun fondo de comercio ou do recoñecemento inicial nunha transacción que non é unha combinación de negocios doutros activos e pasivos nunha operación que no momento da súa realización, non afecte nin ao resultado fiscal nin contable.

Pola súa parte, os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporarias deducibles, só se recoñecen no caso de que se considere probable que a Sociedade vaia ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos e non procedan do recoñecemento inicial doutros activos e pasivos nunha operación que non sexa unha combinación de negocios e que non afecta nin ao resultado fiscal nin ao resultado contable. O resto de activos por impostos diferidos (bases impositivas negativas e deducións pendentes de compensar) soamente se recoñecen no caso de que se considere probable que a Sociedade vaia ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos.

Con ocasión de cada peche contable, revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) con obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións aos mesmos, de acordo cos resultados das análises realizadas.

O gasto ou o ingreso por imposto diferido correspóndese co recoñecemento e a cancelación dos pasivos e activos por imposto diferido, así como, no seu caso, polo recoñecemento e imputación á conta de perdas e ganancias do ingreso directamente imputado ao patrimonio neto que poida resultar da contabilización daquelas deducións e outras vantaxes fiscais que teñan a natureza xurídica de subvención.

As bonificacións e deducións na cota do imposto, excluídas as retencións e pagos a conta, consideraranse como unha minoración no importe do imposto sobre sociedades a pagar e do crédito por perdas a compensar. Máis concretamente, INCOLSA como Sociedade anónima municipal, acóllese á bonificación do 99% da cota íntegra prevista no artigo 34 da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

4.9 INGRESOS E GASTOS:

Os ingresos e gastos valóranse en función do valor razoable da contrapartida recibida ou entregada, imputándose en función do criterio do devengo, é dicir, cando se produce a corrente real

de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Nas contas de compras e gastos, anótase o importe propiamente devengado, con exclusión de descontos comerciais en factura, incrementado en todos os custos e gastos de instalación, transportes e impostos non recuperables a cargo da empresa, etc.

As contas de vendas ou ingresos, rexístranse polo importe neto, é dicir, deducindo as bonificacións e descontos comerciais en factura.

Concretamente, os ingresos calcúlanse ao valor razoable da contraprestación a recibir e representan os importes a cobrar polos bens entregados e os servizos prestados no marco ordinario da actividade, deducidos descontos e impostos.

4.10 PROVISIÓNS E CONTINXENCIAS:

As obrigacións existentes á data do balance de situación xurdidas como consecuencia de sucesos pasados dos que poden derivarse prexuízos patrimoniais para a Sociedade cuxo importe e momento de cancelación son indeterminados, rexístranse no balance de situación como provisións polo valor actual do importe máis probable que se estima que a Sociedade terá que desembolsar para cancelar a obrigación. Nas provisións con vencemento inferior ou igual a un ano, e cuxo efecto financeiro non é significativo, non se leva a cabo ningún tipo de desconto.

No exercicio 2015 estimouse unha provisión por retribucións ao persoal correspondente á indemnización que deriva do acordo de desestímulo da relación laboral de carácter especial de Alta Dirección, formalizada coa Xerente titular da Sociedade, e adoptado polo Consello de Administración con data 20 de outubro de 2015. O importe de dita provisión, que ascendía a 7.736,67 euros calculouse en base ao previsto polo R.D.1382/1985, de 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial de Alta Dirección e tendo en conta as retribucións vixentes a 31 de decembro de 2015. O 3 de novembro de 2016 por medio de sentenza do Xulgado do Social nº2 de Santiago de Compostela, aclarada por Auto de data 8 de novembro de 2016, condenouse á Sociedade ao pago dunha indemnización por importe de 33.510,40 euros, contía que foi consignada no Xulgado e figura rexistrada no activo corrente do Balance en "Inversións Financeiras a curto prazo". A citada resolución xudicial está recorrida en suplicación pola Sociedade, estando pendente de que resolva o recurso o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Con data 27 de abril de 2016 notificouse á Sociedade demanda en materia de recoñecemento de dereitos e cantidades, presentada ante o Xulgado do Social nº1 de Santiago de Compostela, como consecuencia da finalización dunha relación mercantil ao considerar a reclamante que a relación non era de tal natureza senón laboral. A citada demanda encóntrase baixo decreto de espera ditado pola Secretaría Xudicial e o Consello de Administración da Sociedade optou por non provisionar importe algún por esta reclamación xa que non se considera probable que, pola evolución previsible da mesma, se resolva desfavorablemente para a entidade.

En abril de 2016 presentouse recurso Contencioso-Administrativo contra a resolución do Consello de Administración da Sociedade polo que se resolvía o recurso especial en materia de contratación administrativa sobre a adxudicación por concurso do servizo do tren turístico de Santiago de Compostela. Dito proceso xudicial séguese nestes momentos no Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 dos de Santiago de Compostela. A situación do proceso nestes momentos é a de formulación de escritos de conclusións.

O Consello de Administración da Sociedade optou por non provisionar importe algún polo desenlace dos litixios en curso anteriormente mencionados, xa que espera que a evolución previsible dos mesmos se resolva favorablemente para a entidade.

No exercicio 2016 a Oficina de Xestión Tributaria da Administración da Axencia Tributaria de Santiago de Compostela, iniciou actuacións de comprobación limitada, en relación coas autoliquidacións do Imposto sobre o Valor Engadido, correspondentes ao exercicio 2015, períodos 1T, 2T, 3T e 4T polas que a Sociedade dotou unha provisión para impostos por importe de 49.550,37 euros, que se rexistrou directamente contra patrimonio neto por corresponder a exercicios anteriores. O detalle das citadas actuacións detállase na nota 9 desta memoria.

4.11 CRITERIOS EMPREGADOS PARA O REXISTRO E VALORACIÓN DOS GASTOS DE PERSOAL:

A contabilización dos gastos de persoal axústase ao principio de devengo, rexistrando o gasto na conta de perdas e ganancias de acordo coa corrente real do servizo prestado á empresa, valorándose polo custo.

A Sociedade non ten subscritos compromisos por pensións a favor dos seus traballadores.

4.12 SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS:

De acordo coa norma de valoración 18 do Plan Xeral de Contabilidade, as subvencións, doazóns e legados non reintegrables contabilízanse inicialmente como ingresos directamente imputados a patrimonio neto e recoñécense na conta de perdas e ganancias como ingresos sobre unha base sistemática e racional de forma correlacionada cos gastos derivados do gasto ou inversión obxecto da subvención.

A imputación a resultados das subvenciones que teñan o carácter de non reintegrables realízase atendendo á súa finalidade, distinguindo entre outras as seguintes:

-As que se concedan para asegurar unha rendibilidade mínima ou compensar o déficit de explotación, imputaranse como ingresos do exercicio no que se concedan, salvo que se destinen a financiar déficit de explotación de exercicios futuros, en cuxo caso se imputarán en ditos exercicios.

-As que se concedan para financiar gastos específicos: imputaranse como ingresos no mesmo exercicio en que se devenguen os gastos que están financiando.

-As que se concedan para adquirir activos do inmovilizado intanxible, material e inversións inmobiliarias imputaranse como ingresos do exercicio en proporción á dotación á amortización efectuada nese período para os citados elementos ou, no seu caso, cando se produza a súa enaxenación, corrección valorativa por deterioro ou baixa en balance.

-Os importes monetarios que se reciban sen asignación a unha finalidade específica imputaranse como ingreso no exercicio no que se recoñezan.

A contabilización das subvenciones e axudas recibidas por INCOLSA do socio único, o Concello de Santiago de Compostela, para o financiamento de actividades de interese público ou xeral, efectúanse de acordo cos criterios recollidos no apartado 1 da norma 18ª de Rexistro e Valoración do Plan Xeral de Contabilidade publicado polo RD 1514/2007, de 16 de novembro e en base ao establecido no apartado 2 desa norma, por ser INCOLSA unha empresa pertencente ao sector público.

As subvenciones de carácter reintegrable, rexistraranse como pasivos da empresa ata que adquiran a condición de non reintegrables. A estes efectos, considéranse non reintegrables cando exista un acordo individualizado de concesión de subvención, se prevea que se cumpran as condicións establecidas no mesmo e non existan dúbidas razoables sobre a súa recepción.

Aplicanse as normas contables definidas pola Orden EHA/733/2010, de 25 de marzo, pola que se aproban aspectos contables de empresas públicas que operan en determinadas circunstancias, e que desenvolve o Plan Xeral de Contabilidade, clarificando cando as subvencións deben cualificarse desde una perspectiva contable como non reintegrables, e en consecuencia, deben recoñecerse no patrimonio neto da entidade. Segundo esta orden, as subvencións concedidas para a adquisición de activos e o financiamento de gastos específicos de execución plurianual, considéranse non reintegrables cando na data de formulación das Contas Anuais, se tivese realizada a inversión ou se tivese executado a actuación obxecto das mesmas.

4.13 COMBINACIÓNS DE NEGOCIOS:

Non se produciron nos dous últimos exercicios operacións nas que a Sociedade adquirira o control dun ou varios negocios.

4.14 NEGOCIOS CONXUNTOS:

A empresa non actúa como partícipe en ningunha actividade económica conxunta.

4.15 CRITERIOS EMPREGADOS EN TRANSACCIÓNS ENTRE PARTES VINCULADAS:

De existir transaccións comerciais entre a Sociedade e o socio único da mesma, o Concello de Santiago de Compostela, estas realizaranse no marco da actividade habitual da empresa e en condicións normais de mercado, isto é, a prezo de mercado, entendendo este como aquel acordado por persoas ou entidades independentes en condicións de libre concorrencia.

De existir transaccións con outras entidades vinculadas ao socio único, realízanse, igualmente, no marco da actividade habitual da empresa e en condicións normais de mercado.

NOTA 5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVERSIONES INMOBILIARIAS.

O detalle dos movementos destes epígrafes nos dous últimos exercicios foi o seguinte:

**GMIERES**
auditors
R.O.A.C. S2174 | NIF: B70348958

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Exercicio 2016: Estado de movementos do inmovilizado material, intangible exercicio actual		Inmovilizado intangible	Inmovilizado material
A) SALDO INICIAL BRUTO, EXERCICIO	2016	246.296,69	267.144,52
(+) Entradas		1.355,17	2.991,45
B) SALDO FINAL BRUTO, EXERCICIO	2016	247.651,86	270.135,97
C) AMORTIZACION ACUMULADA, SALDO INICIAL EXERCICIO	2016	236.374,57	215.114,95
(+) Dotación á amortización do exercicio		2.152,41	6.672,72
D) AMORTIZACION ACUMULADA, SALDO FINAL EXERCICIO	2016	238.526,98	221.787,67
NETO		9.124,88	48.348,30

Exercicio 2015: Estado de movementos do inmovilizado material, intangible exercicio anterior		Inmovilizado intangible	Inmovilizado material
A) SALDO INICIAL BRUTO, EXERCICIO	2015	245.372,34	265.400,48
(+) Entradas		924,35	4.550,71
(-) Salidas		0,00	(2.806,67)
B) SALDO FINAL BRUTO, EXERCICIO	2015	246.296,69	267.144,52
C) AMORTIZACION ACUMULADA, SALDO INICIAL EXERCICIO	2015	234.440,73	209.502,88
(+) Dotación á amortización do exercicio		1.933,84	7.348,04
(-) Diminucións por salidas, baixas ou traspasos		0,00	(1.735,97)
D) AMORTIZACION ACUMULADA, SALDO FINAL EXERCICIO	2015	236.374,57	215.114,95

En 2016 non se practicaron correccións valorativas. En 2015 practicáronse correccións valorativas na partida de “Outro inmovilizado material” por importe de 1.070,70 euros, para recoller a rectificación do importe de adquisición de elementos de inmovilizado englobados nesta partida.

NOTA 6. ACTIVOS FINANCEIROS:

a) Activos financeiros non correntes

A análise do movemento durante o exercicio para cada clase de activos financeiros non correntes é o seguinte:

	Créditos derivados e outros	TOTAL
Saldo ao inicio do exercicio 2015	8.388,44	8.388,44
(+) Altas	0,00	0,00
(-) Salidas e reducións	0,00	0,00
(+/-) Traspasos e outras variacións	0,00	0,00
Saldo final do exercicio 2015	8.388,44	8.388,44
(+) Altas	0,00	0,00
(-) Salidas e reducións	0,00	0,00
(+/-) Traspasos e outras variacións	0,00	0,00
Saldo final do exercicio 2016	8.388,44	8.388,44

O Balance de Situación a 31 de decembro de 2016 e 2015 rexistra, dentro do epígrafe de A) Activo non Corrente un saldo de Inversións financeiras a longo prazo por importe de 8.388,44 euros, que corresponde á fianza constituída como garantía do contrato de aluguer do local de oficinas situado na Rúa do Vilar, 63.

b) Correccións por deterioro do valor orixinadas polo risco de crédito.

Non se rexistraron correccións por deterioro de valor orixinadas polo risco de crédito nos dous últimos exercicios.



c) Empresas do grupo, multigrupo e asociadas:

A Sociedade non posúe, directa nin indirectamente, participacións noutras Sociedades que superen os límites sinalados na indicación segunda do artigo 260 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.

NOTA 7. PASIVOS FINANCEIROS.

As clasificacións por vencementos dos pasivos financeiros da Sociedade, dos importes que venzan en cada un dos seguintes anos ao peche dos dous últimos exercicios e ata os seu último vencemento, detállanse nos seguintes cadros:

Vencemento das débedas ao peche do exercicio 2016

	Vencementos en anos						TOTAL
	2017	2018	2019	2020	2021	Máis de 5	
Doutras débedas	19,83	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	19,83
Acredores comerciais e out. contas a pagar	1.237.883,86	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.237.883,86
Provedores	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Outros acredores	1.237.883,86	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.237.883,86
TOTAL	1.237.903,69	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.237.903,69

Vencemento das débedas ao peche do exercicio 2015

	Vencementos en anos						TOTAL
	2016	2017	2018	2019	2020	Máis de 5	
Doutras débedas	25.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	25.000,00
Acredores comerciais e out. contas a pagar	1.372.386,65	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.372.386,65
Provedores	741,46	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	741,46
Outros acredores	1.371.645,19	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.371.645,19
TOTAL	1.397.386,65	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.397.386,65

O 4 de agosto de 2016 formalizouse coa entidade CAIXABANK, S.A. unha póliza de crédito con vencemento a un ano, límite de 750.000 euros e tipo de interese de referencia (Euríbor a 3 meses) máis un diferencial do 0,35%, cuxos intereses devengados pendentes de liquidar a 31 de decembro ascendían a 19,83 euros non tendo saldo disposto a esa data.

En 2015 a póliza de crédito formalizada coa entidade Banco Sabadell S.A. con data 9 de xaneiro de 2015, con límite de 400.000 euros, ao tipo de interese de referencia (Euríbor a 3 meses) máis un diferencial do 1,05% foi totalmente amortizada e liquidados os intereses a 31/12/2015.

O saldo doutros acredores a curto prazo corresponde a acredores comerciais e o doutras débedas a fianzas recibidas a curto prazo.

NOTA 8. FONDOS PROPIOS.

O capital social da compañía fixado en SESENTA MIL CENTO UN CON VINTE E UN EUROS (60.101,21), está representado por CEN (100) accións nominativas de SEISCENTOS UN CON CERO CENTO VINTE E UN EUROS (601,0121) de valor nominal cada unha numeradas correlativamente do número 1 ao 100, ambos inclusive. O capital atópase totalmente subscrito, e desembolsado.

De acordo coa Lei de Sociedades de Capital, a reserva legal, mentres non supere o límite do 20% do capital social, non é distribuíble aos accionistas e só poderá destinarse, no caso de non ter



outras reservas dispoñibles, á compensación de perdas. Esta reserva poderá utilizarse igualmente para aumentar o capital social na parte que exceda do 10% do capital xa aumentado.

Non existe ningunha circunstancia que restrinja a dispoñibilidade das Reservas, salvo as establecidas na Lei.

No contexto do dereito do socio recoñecido no artigo 348.bis da Lei de Sociedades de Capital, a compañía informa que non reparte dividendos.

No apartado de reservas recóllense o importe de Reserva Legal que ascende a 12.020,24 euros en 2016 e 2015, e o importe das Reservas Voluntarias que ascenden a 283.231,35 euros en 2016 e a 307.789,46 euros en 2015. Tal e como establece o artigo 35 dos estatutos sociais, o importe das reservas voluntarias deberase utilizar nas melloras e ampliacións que redunden en ben do servizo público que se preste, unha vez cumprido o previsto sobre o fondo da reserva na lexislación sobre este tipo de sociedades.

Dado que o capital social de INCOLSA é de carácter 100% de propiedade municipal, debe terse en conta o establecido no RD 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de 12 de decembro de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación a entidades locais, lei que foi posteriormente derogada polo RD2/2007 de 28 de decembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, á súa vez derogada pola Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

NOTA 9. SITUACIÓN FISCAL:

9.1 IMPOSTOS SOBRE BENEFICIOS:

Detalle do gasto/ingreso polo imposto sobre beneficios no exercicio 2016:

1- Imposto corrente	2- Variación de impuesto diferido				3- TOTAL (1+2)
	a) Variación do imposto diferido de activo		b) Variación do imposto diferido de pasivo		
	Crédito		Débito		
	Diferencias temporarias	Impugnables	Diferencias temporarias	Impugnables	
	Diferencia temporarias	Impugnables	Diferencia temporarias	Impugnables	
Imputación a perdas e ganancias, da cal:					
A operacións continuadas	-118,83	-19,15			-99,68
Imputación a patrimonio neto, da cal:					
Por subvencións, doazóns e legados recibidos				2,40	2,40

Detalle do gasto/ingreso polo imposto sobre beneficios no exercicio 2015:

1- Imposto corrente	2- Variación de impuesto diferido				3- TOTAL (1+2)
	a) Variación de impuesto diferido de activo		b) Variación de impuesto diferido de pasivo		
	Crédito		Débito		
	Impositivo por bases		Impositivo por bases		
	diferencias temporarias	imponibles negativas	Otros créditos	diferencias temporarias	
Imputación a pérdidas e ganancias, da cal:					
A operacións continuadas	84,87	19,15			65,72

Na conciliación do resultado contable do 2015 coa base imponible do imposto sobre beneficios, producíronse diferenzas temporarias por importe de 7.660,06 euros correspondentes á provisión a c/p para retribucións ao persoal dotada no exercicio, na que se recolle o importe da indemnización a pagar polo desestamento do contrato de Xerencia acordado polo Consello de Administración con data 20 de outubro de 2015 e que se fai efectiva en 2016.

A 31 de decembro do 2016 non figuran rexistrados activos por diferenzas temporarias deducibles. A 31 de decembro de 2015 o importe de activos diferenzas temporarias deducibles era de 19,15 euros, derivados de recoñecer un activo fiscal polas diferenzas temporarias antes indicadas, que darán lugar a menores cantidades a pagar ou maiores cantidades a devolver en exercicios futuros, cando se liquiden os pasivos dos que derivan.

Ao peche do exercicio 2016 figuran rexistrados pasivos por diferenzas temporarias impositivos derivados da concesión de subvencións de capital por importe de 19,20 euros.

De acordo co establecido no artigo 34 de la Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades, a entidade pode practicar unha bonificación do 99 por cen da parte de cota íntegra que corresponda ás rendas derivadas da prestación dos servizos comprendidos no apartado 2 do artigo 25 e no apartado 1, letras a), b) e c) do artigo 36 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, de competencias das entidades locais territoriais, municipais e provinciais, ao tratarse dunha empresa de capital integramente municipal.

No exercicio 2016, non é de aplicación a limitación á deducibilidade dos gastos financeiros introducida polo Real Decreto-Lei 12/2012, de 30 de marzo que modifica o Art. 20 do TRLIS, ao non cumprirse os requisitos obxectivos establecidos en dita norma e que limitan a súa deducibilidade.

9.2 IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:

Durante o exercicio 2015 a Axencia Tributaria notificou o inicio de actuacións inspectoras de comprobación e investigación sobre as liquidacións de IVA correspondentes ao exercicio 2014, nos termos previstos nos artigos 141 e 145 da Lei Xeral Tributaria e no artigo 177 do Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e o desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos. Ditas actuacións concluíron sen apreciar erros nas liquidacións presentadas por INCOLSA e con abono á Sociedade das cantidades debidas e os intereses de demora devengados.

Con data 15 de xuño de 2016 a Oficina de Xestión Tributaria da Administración da Axencia Tributaria de Santiago de Compostela, iniciou actuacións de comprobación limitada, en relación coas autoliquidacións do Imposto sobre o Valor Engadido, correspondentes ao exercicio 2015, períodos 1T, 2T, 3T y 4T, cuxo alcance se circunscribe á comprobación de si os datos que figuran no Libro Rexistro de Facturas Recibidas foron transcritos correctamente nas autoliquidacións, así como comprobar os requisitos formais das facturas.

Tras presentar a documentación solicitada en sucesivos requirimentos o 17 de outubro de 2016 a Sociedade recibiu notificación de proposta de resolución e trámite de alegacións na que a Administración Tributaria denegaba a devolución solicitada no exercicio por importe de 238.031,99 euros e que arroxaba un importe a ingresar de 157.861,10 euros. A Sociedade, por non estar conforme coa citada resolución, presenta o 31 de outubro de 2016 alegacións á mesma.

O 21 de novembro de 2016, a Sociedade recibe unha nova notificación de proposta de resolución e trámite de alegacións na que a Administración Tributaria denegaba a devolución solicitada no exercicio por importe de 238.031,99 euros e que arroxaba un importe a ingresar de 181.610,41 euros, ampliando o alcance do procedemento nos seguintes extremos:

- Contrastar que os datos que figuran no seu Libro Rexistro de Facturas Expedidas foron transcritos correctamente nas autoliquidacións, así como comprobar os requisitos formais das facturas.
- Comprobar si se cumpren os requisitos establecidos na normativa vixente nas deducións practicadas por cotas soportadas/devengadas en operacións interiores correntes, operacións interiores con bens de inversión, importacións de bens correntes, importacións de bens de inversión, adquisicións intracomunitarias de bens e servizos correntes e adquisicións intracomunitarias de bens de inversión.
- Comprobar a correcta declaración por parte do Suxeito Pasivo, do IVE correspondente a determinados contratos.

A Sociedade por non estar conforme coa citada resolución presenta o 7 de decembro de 2016 alegacións á mesma e rexistra a 31 de decembro unha provisión para impostos por importe de 49.550,37 euros.

Á data de formulación destas contas anuais, desde o inicio das citadas actuacións xa transcorreu o prazo máximo de resolución de seis meses establecido no artigo 104 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, polo que o procedemento se atopa incurso en causa de caducidade.

En relación con este procedemento, a Presidencia do Consello de Administración considera que da interpretación da normativa de aplicación dos feitos obxecto de cuestionamento e da doutrina existente, despréndese que o alcance das continxencias derivadas das citadas actuacións se corresponde cos 49.550,37 euros provisionados.


A compañía ten abertos a Inspección todos os exercicios non prescritos por todos os impostos que lle afectan.

NOTA 10. SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS.

10.1 Subvencións de explotación:

As subvencións de explotación contabilízanse seguindo o criterio de devengo.

Durante o exercicio 2016 foron rexistradas subvencións para a financiamento de gastos específicos por un importe total de 2.888.202,24 euros, das que a totalidade teñen carácter de non reintegrables na data de formulación das contas (Ver Nota 4.12).

 **GMIERES**
auditores
R.O.A.C. 52174 | NIF: B70348958

 **SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Entidade concedente	Importe
Concello de Santiago de Compostela (Aportacións a sociedades mercantís municipais)	2.277.000,00
Deputación Provincial da Coruña. Financiamento do plan para a mellora da calidade competitividade e actividades turísticas	120.000,00
Deputación Provincial da Coruña. Financiamento de actividades de promoción turística	2.001,00
Deputación Provincial da Coruña . Financiamento de inversións de promoción turística (Ver Nota 10.2)	838,89
Axencia de Turismo de Galicia e ABANCA. Celebración Festas do Apóstolo	35.000,00
Axencia de Turismo de Galicia. Actuacións de promoción turística	52.988,00
Concellos Area Santiago a través de Convenio de colaboración marco para a xestión compartida de promoción turística conxunta	25.374,35
Axencia de Turismo de Galicia. Actuacións de promoción de turismo nos Xeodestinos	60.000,00
Deputación Provincial da Coruña (WOMEX 2016)	215.000,00
Xunta de Galicia Consellería de Cultura (WOMEX 2016)	100.000,00
TOTAL	2.888.202,24

Durante o exercicio 2015 foron rexistradas subvencións para o financiamento de gastos específicos por un importe total de 2.650.374,35 euros, das que a totalidade teñen carácter de non reintegrables na data de formulación das contas (Ver Nota 4.12).

Entidade concedente	Importe
Concello de Santiago de Compostela (Accións de promoción e información turística)	2.400.000,00
Concello de Santiago de Compostela (WOMEX 2016)	110.000,00
Deputación Provincial da Coruña a través de convenio asinado co Concello de Santiago. Plan de Competitividade Turística	115.000,00
Concellos Area Santiago a través de Convenio de colaboración marco para a xestión compartida de promoción turística conxunta	25.374,35
TOTAL	2.650.374,35

Detalle das subvencións non reintegrables rexistradas en 2016:

Subvencións do Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago, socio único da Sociedade, recolleu nos orzamentos municipais do exercicio 2016 dentro das partidas 070/43200/44900 e 070/43200/74900 a cantidade de 1.352.000,00 euros e 925.000,00 euros, para o financiamento de actuacións de Turismo-Aportacións a sociedades mercantís municipais. Dentro deste último importe inclúese o cofinanciamento requirido para a execución de WOMEX2016 que ascendía a 75.000,00 euros.

Por ser INCOLSA unha empresa pertencente ao sector público que recibe axudas da entidade pública dominante para financiar a realización de actividades de interese público e xeral, a axuda municipal percibida en 2016 rexístrase como ingreso en base ao establecido na norma de valoración 18ª.2 do Plan Xeral de Contabilidade.

Situación: Cobrado en 2016 o importe íntegro de ambas achegas: 2.277.000,00 euros.

Subvención da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do plan para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas no ano 2016.

Para o financiamento de gastos correspondentes ao exercicio 2016 foi concedida á Sociedade, pola Deputación Provincial da Coruña e dentro do seu programa DP0030: Programa de



subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, unha subvención por importe de 120.000,00 euros. Esta subvención financia o 80% do orzamento total das actuacións recollidas no plan que acompañaba á solicitude, e que ascenden a un total de 150.000,00 euros.

Situación: A 31 de decembro de 2016 atópanse executadas a totalidade das actuacións incluídas no plan. Á data de formulación de contas esta subvención está pendente de xustificación e cobro. A data límite para a presentación da xustificación esténdese ata o 30 de abril de 2017.

En opinión do Consello de Administración da Sociedade cúmprense todos os requisitos establecidos nas bases, polo que se entende que esta subvención ten o carácter de non reintegrable.

Subvención da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de actividades de promoción turística durante o exercicio 2016

En 2016 o Concello de Santiago resultou beneficiario dunha subvención por importe de 2.001,00 euros dentro do programa de subvencións da Deputación Provincial da Coruña DP007: Convocatoria do programa de subvencións a Concellos e entidades locais para actividades de promoción turística durante o exercicio 2016.

A execución das actuacións recollidas na memoria de actuacións que acompañaba á solicitude foi encomendada á Sociedade, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago, con data 16 de decembro de 2015.

No marco destas actuacións xustifícase gasto por importe de 5.782,00 euros. A Xunta de Goberno Local aprobou a xustificación da execución en sesión de data 4 de novembro de 2016. Con data 10 de febreiro de 2017 colgouse a documentación xustificativa na plataforma SUBTEL da Deputación.

Situación: A 31 de decembro de 2016 atópanse executadas a totalidade das actuacións incluídas no plan. Na data de formulación das contas esta subvención está pendente de cobro por INCOLSA.

En opinión do Consello de Administración da Sociedade cúmprense todos os requisitos establecidos nas bases, polo que se entende que esta subvención terá o carácter de non reintegrable.

Subvención da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de inversións en promoción turística durante o exercicio 2016.

En 2016 o Concello de Santiago de Compostela resultou beneficiario dunha subvención por importe de 2.998,82 euros dentro do programa de subvencións da Deputación Provincial da Coruña DP006: Convocatoria do programa de subvencións a Concellos e entidades locais para inversións en promoción turística durante o exercicio 2016.

A execución das actuacións recollidas na memoria de actuacións que acompañaba á solicitude foi encomendada á Sociedade, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago, con data 16 de decembro de 2015.

No marco destas actuacións xustifícanse accións e inversións por un importe de 3.652,48 euros. A Xunta de Goberno Local aprobou a xustificación da execución na súa sesión de data 17 de febreiro de

2017. Con data 8 de marzo de 2017 colgouse a documentación xustificativa na plataforma SUBTEL da Deputación. Do importe concedido, que ascendeu a 2.998,82 euros, 2.159,93 euros corresponden a inmovilizado (subvención de capital) e 838,89 euros a gastos (subvención de explotación) (Ver Nota 10.2).

Situación: A 31 de decembro de 2016 atópanse executadas a totalidade das actuacións incluídas no plan. Na data de formulación das contas esta subvención está pendente de cobro por INCOLSA.

En opinión do Consello de Administración da Sociedade cúmprense todos os requisitos establecidos nas bases, polo que se entende que esta subvención terá o carácter de non reintegrable.

Subvencións da Axencia de Turismo de Galicia e ABANCA para a celebración das Festas do Apóstolo

Estas axudas foron formalizadas a través dun convenio de colaboración asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia, ABANCA e INCOLSA para a celebración das Festas do Apóstolo. O importe da colaboración económica da Axencia de Turismo de Galicia ascendía a 25.000,00 euros e a de ABANCA a 10.000,00 euros. O importe de ambas achegas financiaba o 100,00% do orzamento das actuacións, que ascendía a 35.000,00 euros.

No marco deste convenio xustificáronse accións por importe de 35.015,60 euros.

Situación: Cobradas en 2016 a totalidade de ambas achegas.

Subvención da Axencia de Turismo de Galicia para o financiamento de actuacións de promoción turística

Esta axuda foi formalizada a través dun convenio de colaboración asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia e INCOLSA para a realización de actuacións de promoción turística. O importe da colaboración económica da Axencia de Turismo de Galicia ascendía ao 100,00% da cantidade efectivamente xustificada, ata un límite de 52.988,00 euros.

No marco de este convenio xustificáronse accións por importe de 53.681,58 euros.

Situación: Cobrada en 2016 a totalidade da axuda.

Subvención para o financiamento da xestión compartida da promoción turística conxunta dos Concellos da Área de Santiago

En 2014 formalizouse un convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos Concellos da Área de Santiago, asinado por 16 Concellos entre os que se inclúe o de Santiago de Compostela. A vixencia deste convenio estendíase ata o 31 de decembro de 2016. Segundo recolle a cláusula cuarta, a xestión das actividades obxecto do mesmo sería realizada polo Concello de Santiago de Compostela a través da Sociedade pública municipal INCOLSA. O importe da colaboración económica a abonar por cada Concello determinábase de acordo co resultado de aplicar a media ponderada de catro elementos: poboación, superficie, orzamento e prazas turísticas. En base a este reparto, ao Concello de Santiago correspondíalle aportar 19.625,65 euros, e aos restantes Concellos, un total de 25.374,35 euros, o que totaliza os

45.000,00 de orzamento de actuacións aprobado para o exercicio 2016. O importe da axuda que corresponde aportar ao Concello de Santiago en base a este convenio, considérase incluída no montante total da axuda do Concello de Santiago á empresa municipal aprobada para 2016.

O convenio marco contempla, na súa cláusula oitava, a posibilidade de solicitar axudas doutras Administracións con competencias en materia de turismo ou de desenvolvemento rural e rexional para a promoción turística conxunta. En base a iso asinouse un convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Axencia de Turismo de Galicia para o financiamento de actuacións de promoción nos xeodestinos Deza Tabeirós e Terras de Santiago, aos que pertencen os Concellos integrantes do grupo Área Santiago.

As axudas previstas no convenio de colaboración marco destináronse ao financiamento de accións polos seguintes importes:

- 10.995,00 euros destináronse ao cofinanciamento previsto no convenio de colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia para o desenvolvemento de actuacións de promoción nos xeodestinos Terras de Santiago e Deza Tabeirós, nos que se encadran os Concellos asinantes.
- 33.176,90 euros destináronse ao financiamento do plan anual de actuacións acordado pola Comisión Mixta do grupo para 2016.

Situación: En 2016 cobráronse subvencións por importe de 24.506,98 euros. Está pendente de cobro a correspondente ao Concello de Trazo, por importe de 867,37 euros.

Subvención para o financiamento de actuacións de promoción do turismo nos xeodestinos Terras de Santiago e Deza Tabeirós

Durante 2016 e con base no convenio marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos Concellos da Área de Santiago de 2014, o Concello de Santiago aprobou a sinatura dun convenio coa Axencia de Turismo de Galicia para o financiamento de actuacións de promoción do turismo nos xeodestinos Deza Tabeirós e Terras de Santiago. A xestión do mesmo foi levada a cabo por INCOLSA.

O convenio establecía un orzamento total de actuacións de 70.995,00 euros. A subvención da Axencia de Turismo de Galicia ascendía a 60.000,00 euros e os 10.995,00 euros restantes debían aportarse, polo Concello de Santiago, con cargo ás subvencións previstas no Plan de actuacións para 2016 do grupo dos 16 Concellos asinantes do convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos Concellos da Área de Santiago.

No marco do convenio executáronse e xustificáronse accións por importe de 70.995,00 euros.

Situación: Cobrada en 2016 a totalidade da axuda.

Subvención da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento da Feira Internacional WOMEX2016

Esta subvención formalizouse a través dun convenio asinado, entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación Provincial da Coruña, con data 25 de agosto de 2016. Mediante dito convenio a Deputación Provincial comprométese a contribuír ao financiamento da Feira

**GMIERES**
auditores
R.O.A.C. S2174 | NIF: B70348958

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Internacional WOMEX2016, cunha axuda de 215.000,00 euros. A cláusula primeira do convenio establece que o Concello actuará na súa xestión a través da empresa municipal INCOLSA.

No marco deste acordo executáronse e xustificáronse accións por importe de 390.000,00 euros. A Xunta de Goberno Local aprobou a conta xustificativa deste convenio na sesión de data 2 de decembro de 2016.

Situación: Presentada xustificación ante a Deputación Provincial con data 16 de decembro de 2016. Pendente de cobro por INCOLSA.

Subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para financiamento da Feira Internacional WOMEX2016

Esta subvención formalizouse a través dun convenio asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, con data 28 de xullo de 2016, polo que a Consellería se compromete a contribuír ao financiamento da Feira Internacional WOMEX2016 cunha axuda de 100.000,00 euros. A cláusula primeira do convenio establece que o Concello actuará na súa xestión a través da empresa municipal INCOLSA.

No marco deste convenio executáronse e xustificáronse accións por importe de 390.000,00 euros. A Xunta de Goberno Local aprobou a conta xustificativa deste convenio na sesión de data 18 de novembro de 2016.

Situación: Presentada xustificación ante a Xunta de Galicia con data 24 de novembro de 2016. Ingresado o importe íntegro da axuda na conta bancaria do Concello de Santiago con data 17 de febreiro de 2017. Pendente de cobro por INCOLSA.

Detalle das subvencións non reintegrables rexistradas en 2015:

Subvención do Concello de Santiago de Compostela. (Accións de promoción e información turística).


O Concello de Santiago, socio único da Sociedade, recolleu nos orzamentos municipais do exercicio 2015 dentro da partida 070/43200/44900 a cantidade de 2.400.000,00 euros, para o financiamento de actuacións de Turismo-Aportacións a sociedades mercantís municipais.

Por ser a Sociedade unha empresa pertencente ao sector público que recibe axudas da entidade pública dominante para financiar a realización de actividades de interese público e xeral, a axuda municipal percibida en 2015 rexístrase como ingreso en base ao establecido na norma de valoración 18ª.2 do Plan Xeral de Contabilidade.

Situación: Cobrado en 2015 o importe íntegro da axuda: 2.400.000,00 euros.

Subvención do Concello de Santiago de Compostela. (WOMEX2016).

O Concello de Santiago, socio único da Sociedade, recolleu nos orzamentos municipais do exercicio 2015 dentro da partida 070/43200/44900, actuacións de Turismo-Aportacións a sociedades mercantís municipais, a cantidade de 110.000,00 euros, para o financiamento de actividades materiais, técnicas ou de prestación de servizos necesarios para levar a cabo o evento WOMEX2016, en base ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 30 de marzo de 2015, polo que se encomenda a INCOLSA a execución de ditas accións.

 **GMIERES**
auditors
R.O.A.C. S2174 | NIF: B70348958

 **SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Por ser a Sociedade unha empresa pertencente ao sector público que recibe axudas da entidade pública dominante para financiar a realización de actividades de interese público e xeral, a axuda municipal percibida en 2015 rexístrase como ingreso en base ao establecido na norma de valoración 18ª.2 do Plan Xeral de Contabilidade.

Situación: As actuacións levadas a cabo en 2015 foron xustificadas ante a Xunta de Goberno Local da cidade de Santiago, que aprobou, con data 13 de novembro de 2015, o pago a INCOLSA, da cantidade de 110.000,00 euros prevista na partida 070/43200/44900. O pago fíxose efectivo en data 7 de xaneiro de 2016.

Subvención para o financiamento do Plan de Competitividade Turística 2015 de Santiago de Compostela procedente da Deputación Provincial da Coruña.

Formalizada a través dun convenio asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do Plan de Competitividade Turística que engloba actuacións nas seguintes áreas: promoción, acollida e atención ao visitante, Santiago de Compostela Film Commission, turismo gastronómico, accións de comunicación e espazo web e estudos de demanda turística. A Xunta de Goberno Local, en sesións celebradas con data 20 de febreiro de 2015 e 29 de maio de 2015, tomou entre outros acordos o de encomendar á Sociedade a execución das actuacións recollidas en dito plan e a xustificación da execución do mesmo ante a Deputación Provincial. O importe do financiamento provincial ascende ao 80% da cantidade efectivamente xustificada, ata un límite de 115.000,00 euros.


No marco deste convenio xustificáronse accións por importe de 149.192,56 euros sendo o importe a recoñecer como ingreso de 115.000,00 euros.

Situación: Presentada xustificación ante a Deputación Provincial con data 28 de xaneiro de 2016. Cobrada no 2016 a totalidade da axuda.

Subvención para o financiamento da xestión compartida da promoción turística conxunta dos Concellos Área de Santiago.

Formalizada a través dun convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos Concellos da Área de Santiago, asinado por 16 Concellos entre os que se inclúe o de Santiago de Compostela. Segundo recolle a cláusula cuarta, a xestión das actividades obxecto do convenio será realizada polo Concello de Santiago de Compostela a través da Sociedade pública municipal INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL S.A.. O importe da colaboración económica a abonar por cada Concello determínase de acordo co resultado de aplicar a media ponderada de catro elementos: poboación, superficie, orzamento e prazas turísticas. En base a este reparto, corresponde ao Concello de Santiago aportar 19.625,65 euros e aos restantes municipios un total de 25.374,35 euros, o que totaliza os 45.000,00 de orzamento de actuacións aprobado para o exercicio 2015. O importe da axuda que corresponde aportar ao Concello de Santiago en base a este convenio, considérase incluída no montante total de axuda do Concello de Santiago á empresa municipal aprobada para 2015.

No marco deste convenio xustificáronse accións por importe de 45.000,00 euros, sendo o importe a recoñecer como ingreso de 25.374,35 euros.

 **GMIERES**
auditores
R.O.A.C. S2174 | NIF: B70348958

 **SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Situación: Presentada xustificación ante a Comisión Mixta da Área de Santiago con data 7 de marzo de 2016. Cobradas en 2015 a totalidade das achegas con excepción da que corresponde ao Concello de Trazo, por importe de 867,37 euros.

10.2 Subvencións de capital:

No exercicio 2016 foille encomendada á Sociedade polo Concello de Santiago, a execución e xustificación das actuacións recollidas na subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña para a execución de inversións correspondentes á convocatoria do programa de subvencións a Concellos e entidades locais para inversións de promoción turística durante o exercicio 2016, cuxo importe concedido ascendeu a 2.998,82 euros, dos cales 2.159,93 euros corresponden a inmovilizado (subvención de capital) e 838,89 euros a gastos (subvención de explotación).

No exercicio 2015 non se devengaron a favor da Sociedade subvencións, doazóns ou legados de capital.

NOTA 11. OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS.

Nos exercicios 2016 e 2015 a Sociedade non realizou transaccións comerciais co seu único socio, o Concello de Santiago de Compostela.

A 31/12/2016 e 31/12/2015 non existen saldos pendentes de cobro derivados de operacións comerciais con partes vinculadas.

Dentro da partida "Débedas comerciais e outras contas a cobrar" do Activo Corrente do Balance recóllense a 31 de decembro de 2016 débedas por importe de 319.999,82 euros, que o socio único mantén coa Sociedade relativas a subvencións pendentes de cobro. A 31 de decembro de 2015 este importe ascendía a 225.000 euros.


Durante os exercicios 2016 e 2015 non se realizou ningunha operación con entes ou empresas participadas polo socio único.


En 2016 INCOLSA recoñeceu do socio único, o Concello de Santiago de Compostela, dúas subvencións, unha por importe de 1.352.000,00 euros e outra por importe de 925.000,00 euros, recollidas no orzamento municipal dentro das partidas 070/43200/44900 e 070/43200/74900, respectivamente. Os importes de ambas achegas, foron cobrados integramente en 2016.

En 2015 INCOLSA recoñeceu do socio único, o Concello de Santiago de Compostela, dúas subvencións, unha por importe de 2.400.000,00 euros e outra por importe de 110.000,00 euros, recollidas no orzamento municipal dentro da partida 070/43200/44900. O importe da axuda de 2.400.000,00 euros, foi cobrada integramente en 2015. A axuda de 110.000,00 euros foi abonada o 7 de xaneiro de 2016, unha vez xustificada a execución da encomenda a INCOLSA aprobada pola Xunta de Goberno Local para a execución de actividades materiais, técnicas ou de prestación de servizos necesarias para levar a cabo o evento WOMEX2016.

O Concello de Santiago de Compostela, socio único, encomendou a INCOLSA durante o exercicio 2016 a execución e xustificación dos seguintes convenios (Ver nota 10):

- Subvención da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de actividades de promoción turística.

 **GMIERES**
auditores
R.O.A.C. S2174 | NIF: B70348958


SANTIAGO DE
COMPOSTELA

- Subvención da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de inversións de promoción turística.
- Convenio asinado entre o Concello e a Axencia de Turismo de Galicia para o financiamento de actuacións de promoción de turismo nos xeodestinos Terras de Santiago e Deza Tabeirós.
- Convenio asinado entre o Concello e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento da Feira internacional WOMEX2016.
- Convenio asinado entre o Concello e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para o financiamento da Feira Internacional WOMEX2016.

O Concello de Santiago de Compostela, socio único, encomendou a INCOLSA durante o exercicio 2015 a execución e xustificación dos seguintes convenios (Ver nota 10):

-Convenio asinado coa Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do Plan de Competitividade Turística.

Así mesmo, en 2016 e 2015, e segundo se recolle no Convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos Concellos da Área de Santiago, asinado por 16 Concellos entre os que se inclúe o de Santiago de Compostela, a xestión das actividades obxecto do convenio foi realizada polo Concello de Santiago de Compostela a través da sociedade pública municipal INCOLSA. (Ver Nota 10).

No exercicio 2016, recoñecéronse gastos de dietas por asistencia ás sesións do Consello de Administración por importe de 1.171,95 euros. No exercicio 2015, recoñecéronse gastos de dietas por asistencia ás sesións do Consello de Administración por importe de 1.171,95 euros. En 2015 foron abonadas dietas por un importe neto de 1.045,72 euros, recoñecidas en 2014, quedando pendentes de pago a 31 de decembro de 2015, un importe neto de 738,31 euros. En 2016 foron abonadas dietas por un importe neto de 738,31 euros, recoñecidas en 2015 e de 761,76 euros recoñecidas en 2016.

Non existen créditos, préstamos ou plans de pensións a favor dos membros do Consello de Administración.

A desagregación dos importes percibidos polo persoal de alta dirección nos dous últimos exercicios é o seguinte:

Importes percibidos polo persoal de alta dirección	Exercicio 2015	Exercicio 2016
1. Soldos, dietas e outras remuneracións	82.453,65	64.727,79

As remuneracións percibidas no exercicio 2016 polas tres persoas con contrato de alta dirección ascenderon a 82.453,65 euros, das cales 72.798,65 correspondían a soldos e salarios, 1.918,33 euros a dietas e 7.736,67 a indemnizacións.

No exercicio 2015, as remuneracións percibidas polas dúas persoas con contrato de alta dirección ascenderon a 64.727,79 euros, das cales 64.484,07 correspondían a soldos e salarios e 243,72 euros a dietas.

En 2013, concedéronse anticipos ao persoal de alta dirección por importe de 8.900,00 euros, en base ao establecido no artigo 14 do Convenio Colectivo para o sector de oficinas e despachos da provincia da Coruña, quedando pendente de amortizar a 31 de decembro de 2013, a cantidade de 7.630,00 euros. En 2014 amortizouse a cantidade de 1.560,00 euros, quedando pendente de amortizar a 31 de decembro de 2014, a cantidade de 6.070,00 euros. En 2015 amortizouse a


audidores
R.O.A.C. S2174 | NIF: B70348958


SANTIAGO DE
COMPOSTELA

cantidade de 1.560,00 euros, quedando pendente de amortización a 31 de decembro de 2015, a cantidade de 4.510,00 euros, que foi liquidada no exercicio 2016.

Os membros do Consello de Administración non informaron de que exista algunha situación de conflito, directo ou indirecto, que puideran ter coa Sociedade, tal e como establece o artigo 229.3 da Lei de Sociedades de Capital.

NOTA 12. OUTRA INFORMACIÓN.

O número medio de persoas empregadas no curso do exercicio é o seguinte:

	Exercicio 2016	Exercicio 2015
Total persoal medio do exercicio	20,39	23,91

Incluídas no cadro anterior, o desagregación das persoas empregadas no curso do exercicio coa discapacidade maior ou igual ao 33%, é o seguinte:

	Exercicio 2016	Exercicio 2015
Total persoal medio do exercicio	2,00	2,00

Os honorarios devengados polo servizo de auditoría de contas ascenderon no exercicio 2016 a 4.500 euros e no 2015 a 5.115,00 euros (I.V.E. non engadido).

Desde a data de peche do exercicio ata a de formulación das contas anuais, non se produciron acontecementos significativos que poidan afectar a estas contas anuais. Tampouco existen acordos que non figuren no balance e sobre os que non se incorporase información na presente memoria.

NOTA 13. INFORMACIÓN SOBRE MEDIO AMBIENTE.

Como consecuencia da natureza da propia actividade a Sociedade durante os dous últimos exercicios non levou a cabo actuacións relacionadas coa protección e mellora do medio ambiente, non elaborou plans de actuación propiamente ditos co fin de reducir a contaminación atmosférica, nin dispón de provisións para cubrir a realización de actuacións empresariais orientadas ao medio ambiente, por considerar que non son necesarias.

A Sociedade non dispón de ningunha partida que conforme ao establecido na Resolución do 8 de febreiro de 2006 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, debера de rexistrarse dentro do epígrafe do balance correspondente a Inmobilizacións Inmateriais baixo a denominación “Dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro”.

A 31 de Decembro non existen continxencias relacionadas coa protección e mellora do medio ambiente.



PROPOSTA DE APLICACIÓN DO RESULTADO

O Consello de Administración de Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA), propón á Xunta Xeral Ordinaria a seguinte distribución de resultados:

BASE DE REPARTO		2016	2015
SALDO DA CONTA PERDAS E GANANCIAS		9.777,52	24.992,26
TOTAL BASE DE REPARTO = TOTAL APLICACIÓN		9.777,52	24.992,26
APLICACIÓN A		2016	2015
RESERVAS VOLUNTARIAS		9.777,52	24.992,26
TOTAL APLICACIÓN = TOTAL BASE DE REPARTO		9.777,52	24.992,26



DILIXENCIA DE FORMULACIÓN DAS CONTAS ANUAIS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2016, ASÍ COMO DA PROPOSTA DE APLICACIÓN DO RESULTADO.

O Consello de Administración de Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA), en sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2017, formulou as Contas Anuais referidas ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2016. Estas Contas compóñense de Balance, Conta de Perdas e Ganancias, Estado de cambios do Patrimonio Neto e Memoria, así como a proposta de aplicación do resultado, incluídos no presente documento que se compón de 35 páxinas incluída esta, referidas coa numeración da 1 á 35, escritas nunha soa cara e asinadas cada unha delas polo Sr. Vicesecretario do Consello de Administración D. José Ramón Alonso Fernández, sendo asinada esta dilixencia polos sete membros de dereito do Consello de Administración e o propio Sr. Secretario.

D. Martiño Noriega Sanchez

Presidente

D. Marta Lois González

Vogal

D. Rafael Peña Vidal

Vogal

D. Francisco Reyes Santiás

Vogal

D. Rubén Cela Díaz

Vogal

D. Claudio Montiel Carracedo

Vogal


D^a. María Antón Vilasánchez

Vogal

DILIXENCIA

D. José Ramón Alonso Fernández, Vicesecretario do Consello de Administración de Información e Comunicación Local, S.A. certifica que as anteriores firmas dos administradores da Sociedade corresponden aos señores conselleiros e que o presente documento comprende as contas anuais e a proposta de aplicación do resultado de Información e Comunicación Local, S.A., correspondentes ao exercicio 2016, documentación que foi formulada polo Consello de Administración da Sociedade en reunión celebrada a esta data e que se encontra estendido en 35 folios de papel común, escritos a unha soa cara todos eles coa miña rúbrica.

D. José Ramón Alonso Fernández
Vicesecretario

 **GMIERES**
auditores
R.O.A.C. 52174 | NIF: B70348958

 **SANTIAGO DE
COMPOSTELA**